



## **XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.**

### **CONVOCATORIA XUNTA XERAL ORDINARIA**

O Consello de Administración de Xestión do solo de Galicia- Xestur, S.A., na súa reunión do 29 de marzo de 2023, acordou convocar a Xunta Xeral ordinaria de accionistas, que se celebrará no domicilio social da sociedade (Polígono de Fontiñas, Área Central, s/n, 5º andar.- Santiago de Compostela), o **21 de xuño 2023, ás 11.00 horas en primeira convocatoria** ou, de non alcanzarse o *quorum* necesario, o **día seguinte, no mesmo lugar e hora, en segunda convocatoria.**

A Xunta Xeral de Accionistas convócase ao obxecto de deliberar e resolver acerca dos asuntos comprendidos na seguinte:

#### **ORDE DO DIA**

- 1º. Aprobación, se procedera, das contas anuais do exercicio económico 2022.
- 2º. Renovación, se procedera, dun membro do Consello de Administración, por ter vencido o prazo do seu nomeamento conforme aos estatutos sociais.
- 3º. Rogos e preguntas.
- 4º Formalización e execución de acordos.
- 5º Aprobación da Acta da Xunta.

De conformidade co artigo 197 do Real Decreto Legislativo 1/2010, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital (LSC), os accionistas poderán solicitar dos Administradores, acerca dos asuntos comprendidos na orde do día, as informacións ou aclaracións que estimen precisas, ou formular por escrito as preguntas que estimen pertinentes, ata o sétimo día anterior ao previsto para a celebración da Xunta. Así mesmo, conforme aos artigos 272 e 287 da LSC, calquera socio poderá obter da sociedade, de xeito gratuíto, os documentos que deben ser sometidos á aprobación da mesma, así como o informe de xestión e o informe do Auditor de Contas”.

En Santiago de Compostela na data que figura na firma dixital.

O Secretario do Consello de Administración.

Ángel Rodríguez González